

Información Normalizada Europea sobre o Crédito ao Consumo

Tarxeta de crédito Caser Cling

Aplicable á tarxeta de crédito Caser Cling_Cling emitida por WiZink

Nota: as informacións resaltadas neste documento son especialmente relevantes.

Nota 2: as palabras ou grupos de palabras escritos con letra inicial en maiúscula aparecen definidos nun glosario ao final deste documento.

1. Identidade e detalles de contacto do Prestamista e/ou Intermediario

Prestamista.	WiZink Bank, S.A.U.
Enderezo.	C/ Ulises, 16-18, 28043 Madrid España
Enderezo de páxina web.	www.wizink.es
Intermediario do crédito.	WiZink Bank, S.A.U. traballa cunha variedade de intermediarios financeiros, polo que se poderá consultar no contrato o nome, domicilio social e CIF do Intermediario que intervéñen na operación.

2. Descrición das características principais do produto de crédito

Tipo de crédito.	Tarxeta de crédito vinculada a un produto de Seguro de Aforro emitido por Caja de Seguros Reunidos, Compañía de Seguros y Reaseguros S.A. (CASER) dentro do programa Caser Cling_Cling.
Importe total do crédito. É dicir, o importe máximo ou a suma de todas as cantidades postas a disposición do consumidor no marco dun Contrato de Crédito.	<p>O límite de crédito será asignado segundo a avaliación de crédito e solvencia que efectúe o Banco dependendo das características particulares do consumidor solicitante, cun límite máximo inicial de 6.000 €. Ten carácter rotativo.</p> <p>A principal característica dos créditos rotativos é o establecemento dun límite de crédito cuxo dispoñible coincide inicialmente co devandito límite, que diminúe segundo se realizan cargos (compras, disposicións de efectivo, transferencias, liquidacións de xuros e gastos e outros) e se repón con aboamentos (pagamento dos recibos periódicos, devolucións de compras, etc.). Polo tanto, as contías das cotas que o Titular da tarxeta aboa de forma periódica volven formar parte do crédito dispoñible deste.</p>
Condicións que rexen a disposición de fondos. É dicir, cando e como o consumidor obterá o diñeiro	<p>Unha vez aprobado o contrato, o Banco pon a disposición do Titular un determinado límite de crédito que poderá ser disposto ben de forma directa con aboamento na conta na que teña domiciliados os pagamentos, ben para pagamento a terceiros en comercio ordinario ou electrónico ou mediante unha tarxeta emitida polo Banco a nome dunha persoa física (Titular). O Titular poderá solicitar tarxetas adicionais a nome dunha ou máis persoas físicas que el designe, supoñendo a aceptación por parte do Titular dos cargos derivados da utilización das tarxetas adicionais. O Titular poderá realizar coa tarxeta as seguintes operacións:</p> <p>a) Pagar bens e servizos en calquera dos establecementos adheridos aos Sistemas Visa / MasterCard (Compras en comercios físicos ou por Internet).</p>